




CINE E DVDs




IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É
CONVIDAR A
SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL 2011



*Agasalla
libros polo
Nadal*



1º e 2º da ESO

3º e 4º da ESO

BACHARELATO



Os Megatoxos e a cara oculta de Lúa.

Anxo Fariña.

Os Megatoxos son catro mozos que teñen que compatibilizar as clases no instituto, cunha dobre vida que os impulsa a viaxar na procura dunha cura para a súa mutación xenética, un cambio provocado por unha planta moi especial, o Toxo.

Trece noites, trece lúas. Antonio Reigosa.


Unha viaxe para percorrer este tempo mítico que vai desde o 25 de decembro, suposta data do nacemento de Xesús, ata o 6 de xaneiro, día do seu bautismo, outra forma de nacemento. Entremedias practicamos ritos, reunímonos para festexar, cantar, bailar e comer, tentamos a sorte, repoñemos enerxía e bos propósitos.



Fantasmas de luz. Agustín Fernández Paz.

Paz.

A Damián fascínalle o cine, quizais porque leva trinta e cinco anos traballando como operador de cabina de proxección no cine Soñadores. Un día recibe unha carta do seu xefe citándoo a unha reunión na que lle pide que non volva ao traballo. Isto será o desencadenante dun profundo cambio na vida de Damián. Con angustia, irase dando conta de que aos poucos se vai volvendo invisible.




Dragal I e II. Elena Gallego.

Acorado na fachada da igrexa de San Pedro, o dragón de pedra agarda que chegue o tempo no que Dragal recobre a vida. Hadrián aínda non o sabe, pero el é o elixido para conseguir que se cumpra a profecía. Mais, quen pode imaxinar que o vello templo medieval agocha as claves para atopar a senda do último dragón galego? Un antigo medallón de metal en estado vivo, herdanza do seu pai, será a chave que lle abrirá a Hadrián as portas para cumprir co seu destino.




O burato do inferno. J. Manuel Trigo, Ramón Trigo.

Ambientada na Garda, en 1858, esta novela gráfica comeza cando o párroco Don Elías convence a Xosé para que acuda á chamada do seu pai, Bieito o Lindo, que regresa enfermo da Habana. Desaparecido durante anos, abandona a muller, deixándoa preñada, e trala morte desta ocupouse dos gastos do fillo ata que puido valerse por si mesmo. Neste encontro comezaran as sorpresas.




O mundo secreto de Basilius Hoffman. F. Cimadevila. I. Valladares.

Os seus autores, Fernando Cimadevila e Ivan Valladares, apostan porque este sexa o primeiro dunha serie de volumes que narren as aventuras do profesor Basilius Hoffman, historiador e arqueólogo que se embarcará nunha viaxe fantástica na procura do Diario do Cartógrafo. Nesta obra as aventuras están garantidas.



Nómades. Xosé Tomás.

As mulleres de NÓMADES son persoas que o arriscan todo para cruzar o mar polo futuro dos seus fillos; mozas e mozos que se prostitúen para enviar diñeiro á casa, coa aceptación tácita das súas familias, que "non preguntan"; mulleres que adquiren unha cualificación profesional e académica e que chegan a situarse comodamente na sociedade, pero sen que por iso sexan de todo aceptadas.



O máis estraño. Manuel Rivas.

Colección de contos nos que se inclúen algúns dos relatos que acadaron identidade fóra dos libros, como A lingua das bolboretas e outros que aínda non viran a luz. Dise no coro de Antígona que hai moitas cousas estrañas no universo, pero que o máis estraño é o ser humano. A boca da literatura naceu para expresar iso que é o máis estraño.



Non hai noite tan longa. Agustín Fernández Paz.

A obra lese de contado, cun guión que empurra ao lector a non deixar que o tempo escorregue por mor doutros quefaceres. Consegue Agustín que queiramos seguir avanzando, que a caracterización de lugares e personaxes evidencie unha perfecta fotografía da Galicia rural e que nos enfademos coas inxustizas sociais.

